

PREGUNTA DE AER AO ALCALDE SOBRE A FORTALEZA DE RANDE

PLENO 30 ABRIL 2015. ACTA 08/2015

Á vista dos feitos acaecidos na entorna da ponte de Rande coa clara visualización dos restos arqueolóxicos da “ Fortaleza de Rande” e tendo como precedente unha moción aprobada por unanimidade para declarar como Ben de Interese Cultural (BIC) dito xacemento, preguntamos:

Ten o Sr. alcalde pensado solicitar de Patrimonio a valoración urxente de dito xacemento histórico e ten pensado solicitar a Fomento a paralización inmediata das obras na entorna ata que non quede clarificado que efecto terán sobre dito xacemento?

O concelleiro ALONSO MONTEAGUDO di que o expediente sobre incoación de BIC, despois do acordo do pleno se iniciaron os trámites e no verán pasado a subdirección xeral pediu máis documentación para completar o expediente de acordo coa normativa e se fixo unha xuntanza en Santiago sobre o tema a partir da cal se encargou a unha empresa un estudo técnico que se enviou e está a ser valorado polos arqueólogos do departamento.